



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE OUTUBRO DO 2020.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire.</p> <p>ASISTEN VIDEOCONFERENCIA :</p> <p>Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e cincuenta minutos do día vinte e seis de outubro do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de agosto de 2020.

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente a sesión plenaria do día 31/08/2020 o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 2.- Dar conta do PMP tercer trimestre 2020

Dáse conta do informe remitido de data 19 de outubro do seguinte teor literal:

DETALLE DEL INFORME PMP

ARES.

Ratio operaciones pagadas: 63,26

Importe pagos realizados: 766.257,66€

Ratio operaciones pendientes: 41,25





Importe pagos pendientes: 638.967,41€

PMP: 53,25

PMP GLOBAL:

Importe pagos realizados: 766.257,66€

Importe pagos pendientes: 638.967,41€

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 3.- Dar conta morosidade tercer trimestre 2020.

Dáse conta do informe de morosidade remitido do 19 de outubro de 2020 do seguinte teor literal:

Pagos realizados durante o primeiro trimestre trimestre:

- Dentro do período legal de pago: 507.795,71€
- Fóra do período legal de pago: 327.044,31€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre:

- Dentro do período legal de pago: 315.645,17€
- Fora do período legal de pago: 265.211,85€

O Concello Pleno dáse por enterado

Punto núm. 4.- Acordo continuación-celebración telemática sesión órganos representativos e de goberno do Concello.

Dáse conta da proposta da Alcaldía “Proposta acordo continuación-celebración telemática sesión órganos representativos e de goberno do Concello” de data 21/10/2020 do seguinte teor literal:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ACORDO DE CONTINUACIÓN-CELEBRACIÓN TELEMÁTICA DAS SESIÓN DOS ÓRGANOS REPRESENTATIVOS E DE GOBERNO DO CONCELLO DE ARES.

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 A PANDEMIA INTERNACIONAL. A EVOLUCIÓN DOS FEITOS REQUIRE A DOPCIÓN DE MEDIDAS INMEDIATAS E EFICACES PARA FACER FRONTE A ESTA CONXUNTURA.

Para dar resposta a esta grave crise, o Goberno de España decretou o estado de alarma a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.





Vista a Nota informativa da Dirección General de Régimen Jurídico Autonómico y Local del Ministerio de Política territorial y Función Pública, sobre a posibilidade de que os órganos representativos locais e de goberno (Plenos, Xuntas de Goberno, Comisións Informativas, Xuntas de Contratación) poidan reunirse de maneira telemática e adoptar acordos durante o devandito estado de alarma.

Á vista desta situación e atendendo á situación sanitaria que concorre e ante as recomendacións das Administracións do Estado e Autonómica, desde este Concello entendemos que debemos seguir aplicando as medidas que sexan necesarias para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns e conter a progresión da enfermidade.

Vista a posibilidade que outorga o artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local segundo redacción dada pola Disposición Final segunda do R.D.L. 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 para celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos en situacións excepcionais como a que agora vivimos.

PROPOÑO

PRIMEIRO. Seguir celebrando ata final de abril de 2021 sesións ordinarias ou extraordinarias do Pleno, Xunta de Goberno e Comisións Informativas que se celebrarán a través de videoconferencia ou outro sistema tecnolóxico ou audiovisual que garanta adecuadamente a seguridade tecnolóxica a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten. Elos en prexuízo da súa revisión en orde a ampliar o prazo ou deixar sen efecto a medida da proposta.

Ares a 20 de outubro de 2020

O Alcalde-Asdo.: D. Julio Ignacio Iglesias Redondo

LEI 7/1985 DE 2 DE AGOSTO DE BASES DE RÉXIME LOCAL

Artigo 46.3 (introducido pola Disposición Final segunda do R.D.L. 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

3. En todo caso cuando concurren situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, o catástrofes públicas que impidan o dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial de las sesións de los órganos colegiados de las Entidades Locales, estos podrán, apreciada la concurrencia de la situación descrita por el Alcalde o Presidente o quien válidamente les sustituya al efecto de la convocatoria de acuerdo con la normativa vigente, constituirse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos y telemáticos, siempre que sus miembros participantes se encuentren en territorio español y quede acreditada su identidad.





Asimismo, se deberá asegurar la comunicación entre ellos en tiempo real durante la sesión, disponiéndose los medios necesarios para garantizar el carácter público o secreto de las mismas según proceda legalmente en cada caso.

A los efectos anteriores, se consideran medios electrónicos válidos las audioconferencias, videoconferencias, u otros sistemas tecnológicos o audiovisuales que garanticen adecuadamente la seguridad tecnológica, la efectiva participación política de sus miembros, la validez del debate y votación de los acuerdos que se adopten.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que neste punto temos o acordo de continuación-celebración telemáticas das sesións dos órganos representativos e de goberno, isto necesita ser aprobado no pleno, a situación da pandemia nos permite xustificar continuar con estas celebración onde quen o desexe o fai dende a súa casa e que non pois asistirá presencialmente polo tanto si vos parece correcto pediríavos o voto favorable.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que o que se levou a comisión era ata o 30 de abril pero tal e como está acontecendo vaise a prolongar, nós imos a dar o noso voto favorable pero o que si pediríamos que creo que é urxente é preparar a sala para poder celebrar estas sesións dunha maneira non tan improvisada e que quede a instalación lista e que sexa chegar e ter as pantallas a ambos lados onde nos vexamos todos, nos pedimos que se acondicione o salón de plenos, esa é a condición.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que chámalle a atención que se siga facendo isto canto todos teñen asistencia presencial excepto o noso grupo entón ben, si nos nas mesmas condicións podemos asistir, ou se fai ou non se fai.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que como persoa de risco enfróntome tres veces a semana a un aula chea, vou a dar clase e non vou vir aquí aos plenos.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que parécelle ben que asista pero hai concelleiros que o poden facer desde casa.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que nas xuntas de goberno tanto Alma como Noelia as teñen feito dende o seu traballo, cada un ten a súa axenda eu xa digo hai cousas moi complicadas, na universidade está chea de itinerarios de entrada e saída, hai hidroxel, máscaras, seguridade pero entre clase e clase saen todos a fumar sen mascarar e sen manter a distancia por non dicir o que fan pola noite nos pisos polo tanto, sempre vai haber risco, cada un que o valore.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o que pide é que si aprobamos isto será con algunha razón, non soamente que o faga o grupo PP.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que Emilio aínda vai a traballar agora, eu vou a estar na facultade se algún día hai que facer algo eu teño que facelo dende a facultade, agora si estou aquí pois veño ao pleno.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o Alcalde preside o pleno polo tanto é normal que asista pero os concelleiros que o fagan dende casa como facemos nós, o que non podemos e que sexamos nós os que quedemos na casa e que o resto asista.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que moitos dos concelleiros do gobernos temos que vir aquí as nosas cousas temos citas con veciños, empresas, Olimpia leva urbanismo e ao saír de aquí ten dúas ou tres citas entón, xa estamos aquí e o resto como queredes.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que lle parece ben, pero si están no despacho o poden facer dende o despacho, eu non digo que non vaia ao concello, eu digo que o fagan no despacho ela e o resto.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que entende que o que se trae aquí non é a celebración das reunións, senón que é a posibilidade de darlle unha cobertura legal a que unha persoa se poida conectar, outra cousa é cal é a realidade, nós durante o principio da pandemia estivemos conectados, o que pasa é que si a cousa non vai a máis nós somos persoas responsables eu prefiro as reunións presenciais porque si saquei unha cousa en conclusión de todas as reunións que fixemos por vía telemática tanto aquí, como no meu posto de traballo cheguei a conclusión de que non son iguais as reunións telemáticas que as reunións presenciais e xan non digamos para unha cabeza unha linguaxe de vinte entón a min facilítame as reunións presenciais, si isto non obriga a facela telemática non vexo que problema hai en asistir. Consideramos que se deben facer telemáticas, pois que se fagan telemáticas, nese sentido non imos a ter ningún problema pero si quero dicir que a mecánica dunha reunión telemática non é para nada o mesmo que unha reunión presencial e por iso nos estamos aquí.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que a finalidade é que non este cómodo vindo presencialmente, que non veña é dicir, un pouco facilitar esa predisposición persoal ou non en función da pandemia pero si queren vir pois poden vir.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que levamos meses con isto pero o tema é o seguinte, se nós asistimos incúmprese a normativa porque non se cumpre coa distancia de seguridade, se nós queremos asistir vai a haber un problema xa que nós non temos ningún problema en asistir.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que se pode valorar nunha comisión que só asistamos presencialmente o Alcalde e os voceiros e o resto dos concelleiros telematicamente, que asistemos Alma, Luis, Emilio, ti e eu e o resto telematicamente por skipe porque a participación do resto limitase non 99% en votar e en aclarar algunhas cuestións entón podemos decidir facemos o pleno presencial co Alcalde e os voceiros, o resto dos concelleiros dende a súa casa





ou no seu despacho conectados, podemos debatelos nunha comisión e así mantemos a distancia de sobras. Pendentes de esa solución en comisión, agora imos a votar este acordo porque é o que nos dá a virtualidade para poder facelo.

Sometida a votación a aprobación o **“Acordo de continuación-celebración telemática das sesións dos órganos representativos e de goberno do Concello de Ares”**, por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 5.- Festividades locais 2021.

Dáse conta do escrito remitido polo SMAC **“Calendario laboral ano 2021”** de data 24 de setembro do 2020, do seguinte teor literal:

Asunto: Calendario laboral ano 2021

En cumprimento das instrucións recibidas da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, comunícolle que para o calendario laboral do ano 2021 en canto ás festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, se prevén as seguintes:

FESTIVIDADE	DA
Día de San Xosé	19 de marzo
Día das Letras Galegas	17 de maio

Así mesmo, deberán terse en conta as festas de ámbito estatal que para o ano 2019 se prevén que sexan as seguintes:

FESTIVIDA	DA	
Ano novo	1 de xaneiro	venres
Epifanía do Señor (Día de Reis)	6 de xaneiro	mércores
Xoves Santo	1 de abril	xoves
Venres Santo	2 de abril	venres
Festa do Traballo	1 de maio	sábado
Festa Nacional de España	12 de outubro	martes
Día de Todos Os Santos	1 de novembro	luns
Día da Constitución Española	6 de decembro	luns
Inmaculada Concepción	8 de decembro	mércores
Día de Nadal	25 de decembro	sábado

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, editar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2021, que deberá remitir a este departamento territorial **antes do día 30 de outubro de 2020.**





Advírtese que, para o caso de non formular proposta ou non remitila antes da dita data, entenderase que optan palas fixadas para o ano 2020 ou para o último exercicio do que se teña constancia de proposta.

No momento de determinar os dous días para as festas locais por parte dese concello deberá terse especial coidado para os efectos de evitar erras, sobre todo respecto daquelas festas que teñan carácter fixo e periódico, pero variable cada ano a súa data de celebración (exemplo: Entroido). Ademais, lémbrese que deberán ser aprobados polo órgano competente do concello.

Así mesmo, advírtese que non se admitirá ningunha corrección de erras posterior ós 15 días naturais seguintes á publicación da resolución pala que se determinan as festas laborais de ámbito local correspondentes a tódolos concellos da provincia da Coruña

A Coruña, coa data da sinatura electrónica

A xefa de sección do SMAC

M^a Isabel Blanco Blanco

Concellos de Abegondo e outros 88 concellos máis da provincia da Coruña

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que neste punto por primeira vez hai un cambio na proposta de este goberno que é que o mércores de cinza que xa é non lectivo e ese día xa non van ao colexio que son os que desfrutan realmente do carnaval, disfrutamos todos pero hai datas sinaladas para os nenos como é o carnaval entón xa non é lectivo para eles , sen embargo San Xoan ten unha participación maior, non só dos nenos senón tamén dos adultos xa que é unha festa onde hai un implicación poboacional máis alta que no carnaval entón propoñemos como festividades locais:

- Voto de Chanteiro.
- San Xoan

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que van a manter a posición mantida durante todos estes anos ao respecto do Voto de Chanteiro. Nós sabemos moi ben que todo tipo de celebracións e festividades foron de algunha maneira suspendidas pero aínda así sabendo que é posible que non haxa grandes cousas, tamén está o tema da conciliación e nese sentido é posible que haxa un problema vendo a situación polo tema do confinamento e vai a ser un problema en certas familias pola conciliación. Xa que os nenos están de festivo ese día e afecta as familias que hai en Ares, familias que vansen a ver prexudicadas por iso nós imos a defender o mércores de cinza porque ademais o San Xoan, é posible que haxa tamén restricións como o ano pasado que non se podía celebrar nas praias polo tanto a data vai a quedar un pouco descafeinada e a saber si se van a poder facer festas é por iso que nós fixamos a nosa posición





no Voto de Chanteiro e no Mércores de Cinza. Non sabemos cal é finalmente a posición do colexio están a espera de decidir nós pero esa é a nosa posición.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a concelleira de educación.

Intervén a Sra. Montero Candal sinalando que a decisión a tomaran maña e seremos informados.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o mércores de cinza é non lectivo polo tanto teñen que escoller outra data.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intevén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o festivo non é o mércores de cinza.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o cambiaron para San Xoan.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a parte deso no calendario escolar aparece luns e martes, non aparece o mércores.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o mércores é non lectivo, o mércores de cinza non hai clase.

Intervén a Sra. Martínez Martínez sinalando que quedouse en facer unha reunión para decidir os días.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que realmente dalle igual pero si poideramos chegar a un acordo, porque a nós practicamente danos igual pero o que queremos e que se aprobé por consenso, senón o hai pois nada, voulle a preguntar aos compañeiros que é o que imos a facer.

Intevén novamente o Sr. Alcalde dicindo que o mércores de cinza por tradición sempre foi festivo local pero xenera un problema de conciliación porque medio Ares traballa fora de Ares, os que traballamos fóra de Ares os nosos fillos non tiñan colexio e nós tiñamos que ir a traballar igual entón esa situación xa seguiría así ca outra metade. Antes os que traballan fóra non podían conciliar e agora os que traballan en Ares tampouco poden conciliar, non sei que é o peor, seguramente a situación é incomoda de igual forma para calquera afectado pero si que é certo que San Xoan ten máis repercusión, ó tema da conciliación é moi subxectiva claro pero a realidade é que temos que aprobalo e temos que decidir, pero probemos esta ano a ver como vai.

Sometida a votación a aprobación o **“Festividades Locais 2021”**, por unanimidade 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 5 abstencións (3 PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm.6.- Aprobación bases xuíz de paz sustituto.





Dáse conta do informe de secretaria “Designación Xuíz de Paz Sustituto” de data 02 de outubro de 2020 do seguinte teor literal;

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Designación Xuíz de Paz sustituto.

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

Antecedentes: A medio de escrito de 8 de setembro de 2020 dando traslado do acordo de 4 de setembro de 2020 da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre inicio de expediente de designación de Xuíz de Paz Sustituto do Concello de Ares.

PRIMEIRO. En cada municipio onde non exista xulgado de primeira instancia e instrución, e con xurisdición no termo correspondente, haberá un xulgado de paz.

De acordo co disposto no artigo 298.2 da Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, os xuíces de paz exercen funcións xurisdicionais sen pertencer á carreira xudicial, con suxeición ao réxime establecido na devandita lei, sen carácter de profesionalidade e con inmovilidade temporal, formando parte durante o seu mandato do poder xudicial.

Segundo o establecido no artigo 100 da Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, os xuíces de paz coñecerán, na orde civil e penal, os procesos cuxa competencia lles corresponde por lei. Cumprirán tamén as funcións de Rexistro Civil e as demais que a Lei lles atribúa.

SEGUNDO. A lexislación aplicable será a seguinte:

— Os artigos 4 a 6, 20, 21, e o artigo 28 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño dos xuíces de paz.

CUARTO. Durante o mandato, os xuíces de paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades Os artigos 99 a 103 e o artigo 395 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

- Os artigos 22.2.p) e 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TERCEIRO. Os xuíces de paz titulares e sustitutos serán nomeados, para un período de catro anos, pola sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondente.

Poderán ser nomeados xuíces de paz, as persoas que, aínda sen seren licenciados en Dereito, reúnan os requisitos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para





o ingreso na carreira xudicial, excepto impedimento físico ou psíquico para o cargo, e que non estean incurso en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade previstas para o desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (artigo 102 da Lei orgánica 6/1985 e artigo 13 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

e prohibicións reguladas nos artigos 398 a 397 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, no que lles sexa aplicable. Terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

A dedicación á docencia ou á investigación xurídica, única actividade que, cando se desempeña a tempo parcial, se autoriza a xuíces e maxistrados, ou algunhas outras actividades que, aínda que sexan retribuídas con cargo aos orzamentos do estado, poden ser exercidas polos xuíces de paz. Entende o Consello Xeral, atendendo a un criterio de razoable flexibilidade, que, debido á escaseza da suma con que se retribúe o xuíz de paz, isto obríga a dedicarse a outra actividade para poder subsistir, e que o importante é que a outra actividade que o xuíz de paz desenvolva sexa, en esencia, compatible co cargo, para evitar interferencias que puidesen afectar á independencia do xuíz á hora de exercer a súa función (exposición de motivos da Lei orgánica 6/1985, da 1 de xullo, do poder xudicial).

O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non supoñan asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais (artigo 14 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Os xuíces de paz non poderán pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter un emprego ao servizo destes, e terán prohibidas as actividades recollidas no artigo 395 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, del poder xudicial (artigo 23 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

A autorización, recoñecemento ou denegación de compatibilidade dos xuíces de paz correspóndelle ao Consello Xeral do Poder Xudicial, logo dun informe do presidente do Tribunal Superior de Xustiza competente (artigo 16 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

QUINTO. O procedemento para levar a cabo a elección do xuíz de paz sustituto é o seguinte:

O Concello anunciará as vacantes nos cargos de xuíz de paz sustituto con antelación suficiente, mediante convocatoria pública, indicando o prazo e lugar para a presentación das instancias.

Posteriormente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no xulgado de primeira instancia e instrución do partido ou xulgado decano, e no propio xulgado de paz. A data deste anuncio é a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.





As solicitudes, que farán constar que se reúnen as condicións de capacidade e de compatibilidade, dirixiranse ao alcalde-presidente do Concello de Ares e presentaranse no rexistro de entrada deste concello ou mediante o procedemento regulado no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, d Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de quince días.

Para poder participar no proceso de selección, deberanse reunir os requisitos esixidos para formar parte na carreira xudicial, de acordo cos artigos 302 e 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial

- a. ter nacionalidade española;
- b. ser maior de idade;
- c. non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas na Lei orgánica do poder xudicial (artigo 389).

Os xuíces de paz serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que reúnan as condicións legais e así o soliciten.

De non haber ningún solicitante, o Pleno elixirá libremente (artigo 101.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e artigos 4 e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Unha vez aprobado o acordo polo Pleno do Concello, remitiráselle ao xuíz de primeira instancia e instrución, que o levará á sala de goberno (artigo

da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigos 22.2.p) e 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O artigo 7 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz desenvolve a previsión do 101.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e establece que o acordo do Concello seralle remitido ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido (*decano*), que o dirixirá á sala de goberno. Ao acordo do Concello xuntaráselle unha certificación que inclúa os seguintes puntos:

- Referencia detallada das circunstancias nas que se produciu a elección.
- Mención expresa da observancia do quórum esixido pola Lei.
- Datos de identificación e condicións de capacidade e compatibilidade dos elixidos.

Se a Sala do Goberno do Tribunal de Xustiza considera que as persoas elixidas polo Concello reúnen as condicións de capacidade e de elixibilidade esixidas pola Lei, expedirá os correspondentes nomeamentos e ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comunicándolle o contido ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido (Decano) (artigo 8 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).





Cando na persoa elixida polo Concello concorra algunha causa de incompatibilidade, a sala de goberno poderá proceder ao seu nomeamento se o proposto reúne os requisitos legais de capacidade, para o que se lle concederá un prazo de oito días para que acredite o cesamento no exercicio da actividade incompatible. No caso de que non acredite isto, entenderase que renuncia ao cargo (artigo 15 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Se no prazo de tres meses desde que se produciu a vacante nun xulgado de paz, o Concello non leva a cabo a proposta mencionada nos puntos anteriores, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza designará un xuíz de paz. Actuarase do mesmo xeito cando a persoa proposta polo Concello non reúna, a xuízo da mesma sala de goberno e unha vez oído o Ministerio Fiscal, as condicións esixidas por esta lei (artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigos 4 e 9 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Contra os acordos de nomeamento de xuíces de paz cabe recurso de alzada ou de revisión, cando proceda, ante o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, nos prazos e polos motivos e formas que establece a Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os xuíces de paz tomarán posesión do seu respectivo cargo dentro dos vinte días naturais seguintes á data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, logo de facer o xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución do partido (Decano). Non estarán obrigados a prestar xuramento ou promesa aqueles que xa o fixeran con anterioridade como xuíces de paz. A duración do mandato computarase desde a data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia (artigo 20 e artigo 21.2 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Non obstante, a corporación acordará o que considere procedente.

Ares, dous de outubro de 2020

O Secretario

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que as bases fanse porque o que era sustituto renunciou.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a persoa que renunciou ten unha discapacidade e lle impediron exercer o posto, eu creo que iso está anticuado porque un posto de eses que é practicamente gratuito e que unha persoa con unha discapacidade non poda acceder a unha praza como esta pois non o vexo ben.

O Sr. Alcalde pregunta si pode haber impedimentos.





Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que chegara un momento en que non participe ninguen porque si fora Xuiz de Paz aínda podía ser, pero substituto.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando que tipo de discapacidade tiña para non deixarlle exercer.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que está cobrando unha minusvalía e non é compatible con eso, pero se case non se cobra nada, quen vai a querer acceder a ese posto, isto ten que cambiar esta xente é igual que os demais é unha persoa cunha minusvalía que quere entreterse si algún día lle toca non é ningún traballo profesional a min parece lamentable que lle obliquen a renunciar, eu son partidario de que o designen eles un xuíz substituto que non vale para nada e aínda poñen pegas habrá que modificar a lei e actualizala.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que a Lei Orgánica do Poder Xudicial o art. 303 di "Están incapacitados para el ingreso en la Carrera Judicial los impedidos física o psíquicamente para la función judicial" isto é unha Lei Orgánica non depende de nós.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que a súa incapacidade lle permite desenvolver ese cargo non é un cargo profesional, non é unha carreira xudicial é un servizo como protección civil gratuíto e voluntario, isto haberá que cambialo.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que excede das nosas competencias.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando senón se pode tirar abaixo a outra convocatoria e tirar do seguinte na lista.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non.

Sometida a votación a aprobación "**Bases Xuiz de Paz Substituto**", por unanimidade, 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm.7.- Aprobación convenio colaboración transporte metropolitano área transporte metropolitano de Ferrol.

Dáse conta do informe de secretaría "Convenio colaboración transporte metropolitano área transporte metropolitano de Ferrol" de data 21 de outubro de 2020, que a continuación se transcribe:

INFORME DE SECRETARIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL

Asunto: Adhesión ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol





En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interveñan no mesmo, aos efectos de manter unha recíproca e constante información.

No non previsto no Título III, sobre Relacións Interadministrativas da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

1. Os artigos 22.2.p), 47.2.h) e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
2. Os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
3. artigo 31.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
4. artigo 60 da Lei 13/2015, de 24 e decembro de Medidas Fiscais e Administrativas de Galicia.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO. De acordo co establecido no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, quedarán fóra do establecido no ámbito de devandita lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:





As entidades intervintes non deben ter vocación de mercado, a cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración. Para o cálculo de devandita porcentaxe tomarase en consideración a media do volume de negocios total ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos soportados considerados en relación coa prestación que constituía o obxecto do convenio no tres exercicios anteriores á adxudicación do contrato. Cando, debido á data de creación ou de inicio de actividade ou á reorganización das actividades, o volume de negocios ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos, non estivesen dispoñibles respecto do tres exercicios anteriores ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con demostrar que o cálculo do nivel de actividade correspóndese coa realidade, en especial, mediante proxeccións de negocio.

Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben préstanse de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.

Que o desenvolvemento da cooperación guíese únicamente por consideracións relacionadas co interese público.

A continuación, segundo o apartado 2 do artigo 6 do mesmo texto legal, tamén estarán excluídos do ámbito de aplicación da Lei de Contratos os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados en devandita lei ou en normas administrativas especiais.

Estes supostos serán regulados polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

CUARTO. Para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o Concello e calquera outra Administración -neste caso, a adhesión ao convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol, de conformidade co establecido no artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público no non previsto pola citada Lei deberá aplicarse a lexislación básica en materia de réxime local.

QUINTO. De conformidade co previsto no artigo 53 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público en relación coa instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, dentro do prazo do tres meses seguintes á subscrición de calquera convenio cuxos compromisos económicos superen os 600.000 euros, deberase remitir ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, copia do documento de formalización do convenio, acompañada da correspondente memoria xustificativa.

Enténdese por compromisos económicos asumidos, o importe total das achegas financeiras que se comprometan a realizar o conxunto dos suxeitos que subscriben o convenio, independentemente da achega que corresponda á entidade local remitente da documentación.





Así mesmo, as entidades locais deberán remitir anualmente unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados, con independencia da súa contía, en aplicación do artigo 53.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a instrución relativa á remisión telemática ao Consello de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas.

SEXTO. Durante todo o proceso de aprobación do Convenio, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

SÉTIMO. Deberáanse ter en conta os artigos 49 e 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-, que regulan o contido mínimo dos convenios, os trámites preceptivos para a súa suscripción e os seus efectos.

Os convenios perfeccionáanse pola prestación do consentimento das partes, debendo ser inscritos no correspondente Rexistro electrónico de órganos de cooperación e de convenios (art. 144.3 Lei 40/2015).

Ares, a 21 de outubro de 2020.

O Secretario,

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que tal o convenio e tal e como foi a comisión.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dalle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando si nas reunións as que asistiu o concello houbo algunha proposta pola súa parte a Xunta.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que isto é un renovación, as propostas foron feitas nun momento inicial a Xunta de Galicia acabou incorporando ao convenio as que incorporou e non se volveu o convenio e non se volveu a abrir o melón, eu recordo fai dez anos que Mugardos quixo meter a lancha no transporte metropolitano e foi imposible e efectivamente é unha renovación da posta en marcha do transporte metropolitano no seu momento e a nós o que nos corresponde pois son as comunicacións interurbanas, no ámbito urbano machacannos constatemente, eu cando fun alí a dicir que non quiten o autobús de Chanteiro me din que non e tivemos un problema cun dos transportes que suprimiron non totalmente de Redes a Pontedeume quitaron os sábados pero a liña segue no convenio entón eu pedin Redes-Pontedeume e está metido pero quitaron a liña que ía de Chanteiro a Pontedeume e me fastidiaronos sábados Chanteiro con Ares e Redes con Pontedeume pero a liña segue o resto dos días non suprimiron a liña, a reduxeron entón efectivamente temos ese problema cos sábados





Sometida a votación a aprobación o “**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL**” o concello pleno por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación

Punto núm.8.- Aprobación convenio co Concello de Mugardos suministro auga a vivendas en Barallados.

Dáse conta do “Convenio entre os concellos de Ares e Mugardos para dotación do servizo de auga ás vivendas da zona de Barallados (Ares)” do seguinte teor literal:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS PARA DOTACIÓN DO SERVICIO DE AUGA ÁS VIVENDAS DA ZONA DE BARALLADOS (ARES).

REUNIDOS

Dunha parte, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e concordantes do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril e Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro en nome e representación do mesmo, actuando especialmente autorizado para a firma do presente Convenio por acordo da Xunta Local de Goberno adoptado o día 14-10-2020

Doutra, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e concordantes do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril e Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro en nome e representación do mesmo, actuando especialmente autorizado para a firma do presente Convenio por acordo de

En base ás disposicións legais que habilitan a celebración do convenio, así como as competencias respectivas en materia de suministro de auga potable e a tipoloxía do convenio entre os previstos no artigo 47.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas; e a necesidade e oportunidade de celebrar un convenio, como un acordo entre as partes para consecución dun fin común de interese xeral.

Os intervinetes actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que existe no Concello de Ares una zona limítrofe co Concello de Mugardos que carece do servizo adecuado de traída de auga, servizo do que sí dispón a zona contígua de Mugardos, tal e como sucede na zona de Barallados (Ares), que limita coa zona de Simou (Mugardos) que sí dispón de dito servizo.





SEGUNDO.- Que resulta inviable e moi costoso para o municipio de Ares establecer o servizo, polo xeral precario, do que conta en determinadas épocas do ano, pola contra na zona contígua de Mugaros si está xa establecido o servizo, co que resultaría fácil tecnicamente prestar ós vecinos os servizos esenciais dos que carecen. Por facilidades técnicas é máis sinxelo a Mugaros dar o servizo a esta zona.

TERCEIRO.- Que o fin esencial dos municipios é satisfacer as necesidades dos seus vecinos e prestarlles os servizos mínimos esenciais.

Que co obxecto de prestar os servizos ós veciños e de colaborar neste esforzo, ambas partes, tras oportunas negociacións, asinan o presente Convenio de colaboración para dotar do servizo de auga á zona de Barallados (Ares) de acordó coas seguintes estipulacións.

CUARTO. Que a finalidade do presente Convenio é o suministro de auga potable ás vivendas do Concello de Ares sitas en lugar de Barallados e limítrofe co Concello de Mugaros (Simou) aproveitando dito servizo que ten o mesmo en ditas inmediacións

QUINTO. A competencia para a firma deste convenio susténtase na seguinte normativa:

Artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece, no seu artigo 25.1, que os municipios poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Xunto a esta declaración xeral de competencias a Lei enumera, no apartado 2 do citado artigo, determinadas materias respecto ás cales os Concellos deben ostentar competencias, e entre outras, a subministración de augas, cualificando, no artigo 26.1.a), o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria por todos os Concellos.

Así mesmo, o artigo 86 da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, declara a reserva a favor das entidades locais de determinadas actividades ou servizos esenciais, entre os que se atopa o abastecemento de augas. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de augas é un servizo público reservado legalmente á competencia das entidades locais.

A citada Lei de bases de réxime local, no seu artigo 57, establece textualmente: *“a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban”*.

Así mesmo, as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas regúlanse tamén na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da





administración local de Galicia, que establece no artigo 195, entre as formas de realizar esta colaboración, a subscrición de convenios.

Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Que o municipio de Mugar dos dispón de rede xeral de abastecemento de auga potable limítrofe co lugar de Barallados (Ares).

Que un obxectivo fundamental e prioritario para os dous concellos é prestar os servizos, non só os mínimos obrigatorios, a tódolos veciños, de xeito que dispoñendo calquera deles das infraestruturas necesarias para a súa prestación non quede ningún veciño dos municipios sen o servizo por razón da distribución ou exercicio de competencias dentro do propio termo municipal, dando así cumprimento á razón da súa existencia, que é prestar cantos servizos públicos contribúan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e promover todas as actuacións que sexan necesarias para garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños.

No marco dos obxectivos expostos, así como no de optimización dos recursos económicos das administracións locais, e entendendo que a fórmula máis idónea para prestarlles o servizo de abastecemento de auga aos veciños do lugar de Barallados de Ares, é a conexión da rede de abastecemento de Mugar dos (Simou), os concellos asinantes acordan actuar de xeito coordinado e en colaboración para garantir que os veciños de Barallados dispoñan do servizo de abastecemento de auga potable, mediante o presente convenio segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O Concello de Mugar dos autoriza ó Concello de Ares a facer a conexión á súa rede xeral de traída de auga que discorre pola zona de Simou (Mugar dos), co fin de que poda prestarse servizo ós veciños da zona de Barallas (Ares), que carecen dun adecuado suministro nesa zona.

Dita conexión contará cunha válvula de corte, un limitador de caudal e un contador.

SEGUNDA.- Tódolos gastos de conexión e entronque coa rede xeral de Mugar dos correrán a cargo do Concello de Ares. A alta no servizo e o pago do consumo efectuarase polo Concello de Ares ao Concello de Mugar dos dacordo coas tarifas e normas da correspondente ordenanza fiscal.

TERCEIRA.- O Concello de Mugar dos estará capacitado para tomar as medidas correctoras que sexan necesarias para garantir o correcto funcionamento do sistema, ou que dito suministro a





Ares puidera supor una falla de suministro ás vivendas próximas de Mugar dos, ante o cal a prioridade de suministro sería garantir ás vivendas de Mugar dos, sen ningún tipo de responsabilidade ou contraprestación ao Concello de Ares que entende que nalgún momento non fose posible dar servizo a todas as vivendas por motivos técnicos, falta de presión ou averías na rede.

CUARTA.- O Concello de Ares a través da nova conexión só dará uso a 6 vivendas situadas en Barallados (Ares) non podendo usala para outros fins que os manifestados neste Convenio, sen detrimento de que se negocie outro convenio distinto para outro fin ou se faga una adenda a este sempre que ambos Concellos así o manifesten por escrito e así quede convenientemente autorizado. O incumprimento desde punto suporá a anulación de dito convenio e a desconexión da rede, volvendo a situación anterior a da firma deste documento.

QUINTA.- Prazo para a súa execución e vixencia.

Os compromisos adquiridos nas estipulacións primeira e segunda serán realizados polos respectivos Concellos no prazo máximo de 6 meses, contados dende a entrada en vigor do presente convenio.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa aprobación/ratificación polo órgano competente de cada concello, e extenderá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2.030, entendéndose prorrogado tacitamente por períodos de cinco anos, si non se denuncia por calquera das partes con tres meses de antelación á finalización do seu prazo inicial ou das súas prórrogas.

SEXTA.- A liquidación dos metros cúbicos subministrados será realizada mediante recibos, de acordo coa lectura do contador instalado, e coa periodicidade (mensual, bimensual, trimestral, etc...) que estableza o Concello de Mugar dos ou a ordenanza fiscal correspondente.

O pago dos recibos farase directamente polo Concello de Ares ao Concello de Mugar dos, a través do procedemento establecido ao efecto na ordenanza fiscal vixente en cada momento.

SÉTIMA.- O Concello de Ares comprométese a aceptar a revisión das tarifas e a forma de pago que se establezan por parte do Concello de Mugar dos polo subministro que se establece neste convenio e nas ordenanzas fiscais correspondentes.

Si por calquera causa o contador estivera averiado, sendo imposible a medición do consumo, facturarase a media dos consumos rexistrados polo contador nos últimos seis meses.

OITAVA.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento, interpretación, resolución de controversias e control deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por un representante de cada Concello.

Esta Comisión actuará sen prexuízo das competencias que legalmente lle correspondan ás partes.





NOVENA.- Natureza xurídica e xurisdicción competente.

O presente convenio ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Extinción.

Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo subscribindo novo acordo de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación substancial de aspectos non previstos nas súas estipulacións.

Extinguido o convenio polo cumprimento de seu prazo de vixencia ou por mútuo acordo, procederase pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a liquidación das obrigas económicas de cada Concello.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Dáse conta do informe de Secretaría "Aprobación convenio co Concello de Mugardos suministro auga a vivendas en Barallados" de data 21 de outubro de 2020 que a continuación se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Convenio de Colaboración entre o Concello de Ares e o Concello de Mugardos para o suministro de auga a vivendas en Barallados (Ares).

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME:

PRIMEIRO.- A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interveñan no mesmo, aos efectos de manter unha recíproca e constante información.





No non previsto no Título III, sobre Relacións Interadministrativas da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 22.2.p), 47.2.h) e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- O artigo 31.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- O artigo 60 da Lei 13/2015, de 24 e decembro de Medidas Fiscais e Administrativas de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO. A Lei 60 da Lei 13/2015, de 24 e decembro de Medidas Fiscais e Administrativas de Galicia establece no seu artigo 60 “Fomento de las fórmulas de cooperación horizontal entre las entidades locales”:

Uno. Las entidades locales gallegas podrán formalizar entre sí convenios para el servicio a los intereses generales mediante el desempeño conjunto de tareas públicas de su competencia. Esta cooperación deberá consistir en la participación conjunta y efectiva en el desarrollo de la actividad común, mediante aportaciones de organización, medios personales y materiales o recursos financieros para la finalidad compartida, de acuerdo con las respectivas competencias.

Los convenios podrán prever la financiación conjunta de contratos para la satisfacción de una finalidad común, como obras de interés de las entidades locales participantes, servicios públicos que se puedan prestar conjuntamente y suministros y servicios destinados a ellas. Estos convenios se registrarán por lo establecido en el artículo 15 de la Ley 14/2013, de 26 de diciembre, de racionalización del sector público autonómico. Podrán utilizarse las modalidades de actuación previstas en su artículo 16.

En el marco de los referidos convenios para el desempeño conjunto de tareas públicas de su competencia, podrá encomendarse la realización de actividades a entidades instrumentales de una de las entidades locales participantes, que cumplirán los requisitos establecidos por el derecho de la Unión Europea.

Dos. Las convocatorias públicas de ayudas y subvenciones de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia y de los entes instrumentales del sector público autonómico destinadas a las entidades locales de la Comunidad Autónoma deberán primar, en la forma que se establezca en las correspondientes bases reguladoras, las solicitudes presentadas conjuntamente por más de una entidad local bajo cualquier fórmula, como agrupación, asociación, mancomunidad, consorcio, fusión o cualquier otra similar, frente a las presentadas individualmente.





Tres. A los efectos de lo establecido en el apartado Dos de este artículo, en las subvenciones que se convoquen para las entidades locales deberá preverse expresamente en las bases reguladoras que podrán acceder a la condición de beneficiario las agrupaciones de entidades locales.

CUARTO. De acordo co establecido no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, quedarán fóra do establecido no ámbito de devandita lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

As entidades intervincentes non deben ter vocación de mercado, a cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración. Para o cálculo de devandita porcentaxe tomarase en consideración a media do volume de negocios total ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos soportados considerados en relación coa prestación que constitúa o obxecto do convenio no tres exercicios anteriores á adxudicación do contrato. Cando, debido á data de creación ou de inicio de actividade ou á reorganización das actividades, o volume de negocios ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos, non estivesen dispoñibles respecto do tres exercicios anteriores ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con demostrar que o cálculo do nivel de actividade correspóndese coa realidade, en especial, mediante proxeccións de negocio.

Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben préstanse de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.

Que o desenvolvemento da cooperación guíese unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

A continuación, segundo o apartado 2 do artigo 6 do mesmo texto legal, tamén estarán excluídos do ámbito de aplicación da Lei de Contratos os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados en devandita lei ou en normas administrativas especiais.

Estes supostos serán regulados polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.





QUINTO. Para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o Concello e calquera outra Administración -neste caso, os Concellos de Ares e Mugardos-, de conformidade co establecido no artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público no non previsto pola citada Lei deberá aplicarse a lexislación básica en materia de réxime local.

SEXTO. De conformidade co previsto no artigo 53 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público en relación coa instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, dentro do prazo do tres meses seguintes á subscripción de calquera convenio cuxos compromisos económicos superen os 600.000 euros, deberase remitir ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, copia do documento de formalización do convenio acompañada da correspondente memoria xustificativa.

Enténdese por compromisos económicos asumidos, o importe total das achegas financeiras que se comprometan a realizar o conxunto dos suxeitos que subscriben o convenio, independentemente da achega que corresponda á entidade local remitente da documentación.

Así mesmo, as entidades locais deberán remitir anualmente unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados, con independencia da súa contía, en aplicación do artigo 53.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a instrución relativa á remisión telemática ao Consello de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas.

OITAVO. Durante todo o proceso de aprobación do Convenio, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

NOVENO. Deberáanse ter en conta os artigos 49 e 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-, que regulan o contido mínimo dos convenios, os trámites preceptivos para a súa suscripción e os seus efectos.

Consta a memoria xustificativa incluída no texto do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ares e Mugardos para o suministro de auga a vivendas en Barallados no Concello de Ares desde a rede do Concello de Mugardos (Simou).

Os convenios perfeccionáanse pola prestación do consentimento das partes, debendo ser inscritos no correspondente Rexistro electrónico de órganos de cooperación e de convenios (art. 144.3 Lei 40/2015).

Ares, a 21 de outubro de 2020.





O Secretario,

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a solución definitiva do subministro do auga, a solución definitiva do tema do auga está en vías, os terreos para os novos depósitos en Barallados xa os temos igual que en Simou xa están comprados e nós seguimos facendo obras de infraestruturas para arranxar definitivamente ese problema, pero si podemos ir solventando situacións concretas, igual que nun convenio con Fene arranxamos A Malata, Raso, Seselle pois agora efectivamente cun convenio de Mugaros imos a arranxar Barallados. En verán o auga non chega a Barallados, está moi alto, ao Alto de Simou non hai auga que chegue pois ben, agora cambiamos ao revés, agora o auga ven de arriba ao igual que o convenio con Fene entra pola Malata esta vai entrar polo Alto de Simou igual que o convenio con Fene porque ten uns depósitos amplos nos permite solucionar Seselle, A Malata e o Raso pois este de Mugaros non é tan ambicioso porque non hai depósitos e teñen que bombear entón, na última casa de Mugaros colleremos auga para esta zoa, é un convenio idéntico ao que temos con Fene e a verdade e que é unha maneira de aliviar unha situación nesa zoa que este verán foi complexa porque nalgunha vivenda había convalecientes e nunha situación onde hai convalecientes é moi complicado responder pero ben, Fene danos pola Malata, Mugaros con menos pretensións só para Barallados mentres que Fene danos para a Malata, Raso, Seselle.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que están de acordo con este convenio porque mellora unha situación que están a vivir os veciños/as dese lugar, tampouco son moitos pero son persoas e hai que atendelas entón, nós imos a dar o noso voto a favor, o que si é que non entendo moi ben a estipulación quinta onde di " Os compromisos adquiridos nas estipulacións primeira e segunda serán realizados polos respectivos Concellos no prazo máximo de 6 meses, contados dende a entrada en vigor do presente convenio" quero dicir, que ese é o prazo para facelo xa non.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que xa está feito, o fixemos porque o futuro depósito vai ahí todas as infraestruturas que fagamos, as imos a seguir mantendo por exemplo, esa tubaría mañá non a imos a levantar vai conectada aos depósitos e xa nos queda feita entón, nunha intervención máis ampla de previsión desta situación, xa estaba prevista nunha obra e a verdade é que unha vez que a fixemos fun alí e dixen ben xa está feito e foi cando efectivamente se fixo o convenio, tamén e verdade que Pilar negouse sempre, Pilar non só negouse sempre a falar desa cuestión senón que nin pagaba, non pagaba, trescentos e pico mil euros que nos debía polo tema da xestión dos colectores non pagaba, e logo facía a festa do polbo e gastaba trescentos mil euros o que lle debía a Ares e nós de paganinis, é unha situación que nunca a sacamos en prensa nunca, sempre no ámbito institucional teño que dicir que sempre fomos moi prudentes porque eu nunca lle saquei ese tema a Pilar pero é certo que nunca quixo axudarnos nin cunha gota de auga e aínda encima nos fastidiaba non pagando os anticipos que nós faciamos dos colectores e bombeos foi algo moi complicado e grazas ao Alcalde de Mugaros a Deus a situación é totalmente diferente, meteu no orzamento deste ano o pago total da débeda ten que estar a exposición pública e cando entre en vigor temos o





compromiso de que vai a pagar os trescentos e pico mil euros, e a demais a sinatura deste convenio avanzou polo que temos que agradecerlle ao Alcalde de Mugardos esa predisposición como no seu momento tivemos que agradecerlle ao Alcalde de Fene a súa predisposición, efectivamente iso é digno de agradecer e aquí o poño de manifesto porque sería inxusto non recoñecelo, isto non sucedeu da noite a mañá, fun mil veces a pedilo a Pilar e mil veces non me contestou.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que como ben dixen anteriormente, estamos de acordo en darlle servizo aos veciños/as neste caso a través dunha colaboración do concello de Mugardos [inintelixible] pero tamén queremos apuntar que debemos apurar moito coas obras que están pendentes de dar auga, aí temos que ser moi [inintelixible] e estar aí seguido pedindo as administracións a axuda necesaria para levalos a cabo porque esa obra é moi urxente. A maiores coñecemos unha solicitude por parte da veciñanza de Lubre, en concreto os que viven en Mayobre que tamén solicitan poder conectarse ao abastecemento e concreto é a vía que comunica a Estrada de Chanteiro co Lg. Mayobre, certamente son poucas casas as que aí está habendo non vai supoñer nada darlle servizo a isto máis que o que repercute a obra e sabemos que aí está a vivir xente, fixéronse un par de casas é unha pena porque é unha porción moi pequena de casas e creemos que hai que darlle saída, subscribindo o tema que nos trae, realmente é o convenio co Concello de Mugardos pero si que é dar servizo a xente que aínda non os ten e xa digo que nós facemos esa petición dos veciños/as de Mayobre para que se lle de para diante.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a Seselle de arriba lle damos auga dende Ares dende sempre é dicir, eu cando ía a falar con Pilar lle dicía non tes auga en Seselle de arriba e damosche auga sen tela, danos ti en Barallados e aí quedou o tema entón efectivamente é a situación na que me atopaba pero claro, non podía cerrarlle o auga aos veciños de Seselle ou sexa Mugardos non nos da e nós lle cerramos aos veciños de Seselle, pois esa ameaza nin se nos ocorreu pero non había nin agradecemento niso, e iso que lle damos auga e alumeadado, ríase e xa está.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que tamén tivo que lidiar con varios alcaldes un do PSdeG-PSOE e outro do BNG e fixemos varias convenios sobre estes temas de servizo de auga e saneamento e nunca tivemos problema, incluso chegamos a acordo coa piscina de ubicación e eu recordo que o tivemos que modificar porque ao entrar o goberno bipartito non sei que pasou coa inversión do Punto limpo que o levamos ao pleno do mes pasado quero dicir, ao final tardaremos pero Ares e Mugardos teñen que ser un concello só, eu creo que as boas relacións as temos que ter por enriba dos partidos políticos porque cando un é alcalde é alcalde de todos sexa o de Mugardos, o de Ares sexa o que sexa. Eu refírome a demanda que presentaches con respecto a débeda, si hai un compromiso non interesa ter mal relacións porque mañá podemos necesitar a súa colaboración, eu creo que se debería retirar a





demanda porque hai un compromiso. Nós imos a apoiar o convenio de colaboración, eu creo que último convenio que asinei foi o da Queira polo tema do alumeadado, esas cousas hai que respectalas porque ao final Ares e Mugar dos imos a ser un concello, Mugar dos vai para baixo e Ares vai para enriba e o futuro e que sexamos un concello único e canto máis servizos e máis concellos se asinen e unha mellora para os veciños e máis co tema do auga.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que a demanda obedece a unha situación que non pode converterse na regra xeral, os interventores e os secretarios teñen incluso de oficio e senón o teñen hai un impulso político para que o teñan, si a interventora ano tras ano ve que non se paga a débeda de colectores e bombeos algo terá que dicir o Alcalde, un ano, dous anos, tres anos, catro anos algo terá que dicir, e se a piscina vai camiño de catro anos sen liquidacións alguén terá que dicir que hai que liquidala non, entón efectivamente as demandas non van contra ningún alcalde, todo o contrario, porque Deus non ten ningunha responsabilidade nesa débeda esa é responsabilidade de Pilar e Pilar terá que explicar nun pleno porque o Concello de Ares demanda ao Concello de Mugar dos trescentos e pico mil euros, terá que explicalo porque é a súa responsabilidade, é a súa responsabilidade esta demanda non vai en contra de Deus nin sequera do concello de Mugar dos vai en contra de quen tivo a responsabilidade de que isto chegara ao punto que chegou e que quede constancia por moito que a retiremos dunha situación que non é normal, como tampouco non é normal que un alcalde cuxo concello se deben trescentos e pico mil euros non reacciona, porque si a min mañá alguén me pide contas e a min me pide tanto e non fixeches nada, pois mira cando me chegou ata aquí si, entón esa demanda cubre a miña responsabilidade, pero creo que xa sería infumable que non pagaran este ano tampouco ou que me dixeran que a interventora non mirou o expediente entón efectivamente, a demanda Deus sabe que non vai en contra del e Pilar como alcaldesa responsable deste desaguisado se hai unha condena ao Concello de Mugar dos é porque non paga, porque si paga a demanda decae, a demanda non ten sentido, pero senón paga Ares está cuberto, Ares está cuberto e cando temos que enviar ao Ministerio de Facenda cada tres meses e cada catro meses unha situación precaria, pois tamén é certo que din, estes son parvos lles deben catrocentos mil euros e non fan nada e o Ministerio de Facenda ve que hai unha condescendencia do Alcalde de Ares coa débeda, eu esa situación deixei de asumila, deixei de asumila porque o concello de cara a inversión do auga vai ter que aportar un 20% que son trescentos mil euros e eu non puido ir a ningún sitio a pedir seiscentos mil euros debéndome a min catrocentos mil euros dirán, cobra e eu lles contestarei pedino pero seguen sen pagalo dase unha situación na que eu me poño colorado.

Non vai en contra de Deus e Deus o sabe, non vai en contra do Concello de Mugar dos non unha guerra institucional porque non o é, pero si é certo que equivoqueime debín presentala con Pilar no goberno e non esperar tanto, debín facelo antes pero claro todos me decían que falara co Secretario, prometíannos que si e isto ía tirando pero agora xa é unha situación complexa Ares necesita seiscentos mil euros coa aportación municipal dunha obra de tres millóns e eu non podo ter o máis mínimo erro de financiamento para que me achaquen que non teño cartos porque non o busco, non podo, teño que cubrir as espaldas ante posibles expedientes financeiros e de inversións municipais, non ten outra explicación.





Sometida a votación a aprobación o “**Convenio de Colaboración entre o Concello de Ares e o Concello de Mugardos para o subministro de auga a vivendas en Barallados (Ares)**” o concello pleno por unanimidade, 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 9.- Dar conta das resolución adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 10.- Mocións-Propostas

A) Moción do B.N.G: Plan Marisqueo Ares.

Dáse conta da moción presentada polo B.N.G. “Plan Marisqueo Ares” do seguinte teor literal:

O GM do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte MOCIÓN SOBRE O MARISQUEO EN ARES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado mes de agosto a Consellaría do Mar anunciou, con gran profusión, unha serie de axudas destinadas ás profesionais que, debido á alerta sanitaria provocada pola COVID 19, víronse afectadas polo cese temporal da actividade marisqueira.

A propia Conselleira difundiu as axudas por xornada de inactividade contrapoñéndoas, pola súa maior contía, ás do goberno central.

O obxectivo principal desas axudas extraordinarias -compensar a caída da comercialización polo peche da hostalaría e a restauración durante o estado de alarma- viuse totalmente esvaecido unha vez publicada a Orde do 4 de agosto do 2020, pola que se regulan as bases e a convocatoria das mesmas.

A publicación desta Orde é posterior á da convocatoria das axudas estatais polo que, no momento da súa publicación, había xa un gran número de persoas afectadas acollidas a outras subvencións.

Con este precedente, o GP do BNG presentou unha petición dentro da comisión de pesca do parlamento galego “para que os fondos non executados da liña de axudas ao marisqueo polo cese de actividade durante o estado de alarma, - dotada con 5,2 millóns de euros-, sexan igualmente destinados a un sector con amplas necesidades”, adoptándose o acordo por unanimidade.





Todo esto vén a colo da situación aresá ao respecto:

Desgrazadamente, pese a ser Ares un concello historicamente vencellado ao mar nas súas múltiples vertentes (pesca, marisqueo, salazón, etc...) non conta -a día de hoxe- cun Plan de Marisqueo que posibilite unha industria aresá dependente e xestionada pola Confraría de Pescadores de Ares.

A realidade actual desta situación é o furtivismo e a economía sumerxida, mediante a extracción dun produto que non pasa polos controis e medidas de salubridade que requiren.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que esta moción xa foi comentada na comisión correspondente é relativa ao marisqueo na ría de Ares. Realmente temos aí unha fortaleza na nosa ría, e ademais historicamente Ares resolveu a súa importancia neste sentido e que de moitos anos para aquí deixouse pasar. O gran problema e que os tempos que nos veñen outra importancia do sector primario vaise a poñer de primeiro plano é por iso que dende anos o BNG ven poñendo a posta en valor dos recursos que dispoñemos no noso concello porque non temos outra industria, a situación é complicada como ben falamos antes do pleno e vai a haber un cambio grande, e aquel Ares turístico que hai vinte anos víase claramente é moi posible que se vexa danado [inintelixible] tampouco temos industria polo tanto estamos case desaparecidos no mapa, non temos industria e se o sector turístico cae pois realmente non temos nada, pero o que temos precisamente está sen explotar os recursos do marisqueo, e despois tamén os recursos do agro e os recursos forestais que non é cuestión desta moción, é por iso que incidimos unha vez máis en que Ares debe ser a xestora desta zoa de marisqueo, que non sexa zoa libre de marisqueo, ademais hai outra circunstancia é que hai marisqueo a pe nese sentido non, non sei si chamalo furtivo porque realmente é zoa de marisqueo, furtivo no sentido en que os que van a mariscar non dispoñen de dotación axeitada e iso ademais leva aparelado un problema que ese marisco que recollen o venden e non pasan por uns procesos de control tal e como está estipulado, non pasan pola depuración total, estamos ante un problema que sabemos que está aí pero no o miramos porque si pasa algo a responsabilidade é do furtivo pero realmente temos que arranxalo é por iso que traemos esta moción aquí para que o concello inicie os contactos coa cofradía de pescadores coa intención de elaborar un plan de marisqueo que sexa xestionado pola mesma coa finalidade de crear emprego, poñer en valor os recursos naturais pero cunha garantía ao consumidor, sabemos a disposición da cofradía pero o concello ten que apostar por este sector e ten tamén que ofrecerlle todas as posibilidades a cofradía para que se poda levar a cabo.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando no seu momento moveu este sector xusto despois do Mar Egeo e a situación foi que a cofradía púxose tamén a traballar pero a xente non o levou a cabo porque pedían unha serie de documentación como altas na seguridade social, eu sei que isto é conveniente e como di a moción por parte do concello teña unha intervención fluída xunto ca cofradía haber que podemos facer sobre isto e por outro lado, que o concello está utilizando que é o grupo de acción local onde aquí estase a promover por parte do concello a historia de actividades pesqueiras do concello aí se solicitou unha subvención para o do barco e creo que aquí pódese apostar por iso tamén pero teño que dicir que a xente non se anima pero si se pode crer algún posto de traballo pois adiante, por parte do concello se faga unha reunión ca cofradía de pescadores para explicarlles o que hai ca ADL do que pode mover o concello en canto a subvención pero despois a verdadeira responsabilidade e a que ten que levar o peso de todo isto é a cofradía pero por parte do concello porase a disposición as distintas axudas as dúas persoas que hai de ADL pois que se poñan a traballar e que lle dea as explicacións a cofradía de pescadores e oxalá se poida crear algún posto de traballo, si se pode xerar algún posto de traballo pois bendito sexa.

Unha vez fixadas as posición o Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación da moción presentada polo grupo BNG “**Plan Marisqueo Ares**” o concello pleno por unanimidade, 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

B) Moción do P.P.: Suministro material ao C.P.I. (máscaras, gel, fundas etc...)

Dáse conta da moción presentada polo P.P. “Suministro material ao C.P.I. (máscaras, gel, fundas etc...) do seguinte teor literal:

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Jose Manuel Cendan Fernandez en calidad de Portavoz del Grupo Municipal de Ares y, contando con el respaldo del citado grupo, desea someter a la consideración del Pleno, para su debate y aprobación, si procede, la moción relativa al reparto de mascarillas infantiles al amparo de la legislación vigente.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Con motivo de la actual pandemia el protocolo para iniciar el curso escolar indica la obligación del uso de mascarillas por parte de todo el alumnado a partir de 6 años y recomienda su uso desde los 3 años. Además de las mascarillas, la limpieza y desinfección de las manos es muy importante para proteger y frenar esta pandemia que estamos a sufrir.





Por este motivo el grupo municipal del partido popular de Ares considera necesario invertir en la seguridad de los mas pequenos y a sus familias intentando frenar los posibles contagios que se puedan producir durante la nueva etapa lectiva, por ello solicita al pleno de la corporación municipal de Ares la adopción del siguiente

ACUERDO:

1º - Que el Ayuntamiento de Ares reparta a todos los niños menores de 16 años del ayuntamiento de Ares que curse en el C.P.I As Mirandas un lote compuesto por mascararas homologadas,bote de gel desinfectante y una funda para guardar las mascararas.

2º - Que el Ayuntamiento de Ares reparta mascarillas homologadas reutilizables infantiles a los niños menores de 16 años del ayuntamiento de Ares que curse en el C.P.I As Mirandas de forma periódica.

3º - Que el Ayuntamiento de Ares, en tanto no adquiera mascarillas homologadasreutilizables infantiles, reparta de manera urgente y provisional mascarillas higiénicas infantiles a los niños menores de 16 años del ayuntamiento de Ares que curse en el C.P.I As Mirandas a razón de una diaria los días.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que esta moción xa foi exposta na comisión e o que nos queremos e que igual que se está a facer noutros concellos da comarca como é o concello de Monfero ou o de Irixoa que afecta a todos os alumnos que están empadroados no municipio e creo que nós dentro do que poidamos colaborar en canto a reparto de material para os nenos, que se faga eu non sei si se fai reparto no colexio pero nós desde aquí podemos reforzar para a nosa tranquilidade e por solidariedade e o máis importante son os nenos pequenos porque tocan a todo e iso é un perigo, o mellor e que vaian dotados de material de casa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que hoxe no congreso votábase o IVE das máscaras o goberno votou en contra, podemos e creo que algúns máis tamén sei que votaron en contra o IVE das máscaras é infumable é n 21% e supón unha recadación de corenta millóns de euros ao mes para facenda, esa sería a razón pola que votan en contra pero é infumable, non sei como teñen vergoña, todos os países teñen un 0% os que máis un 6% ou un 7% e aquí un 21% pois tampouco axuda, unha familia máis que o que lle custa a leite.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fenández sinalando que é un deber é obrigación e ten o IVE superior ao pan.





Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o do IVE das máscaras é un papelón, pero a situación de que o concello supla sistematicamente de maneira subsidiaria algo que é competencia doutros órganos porque o goberno non baixa o IVE nin a xunta faga reparto de máscaras non temos porque suplilo o concello. O concello entrega máscaras a familias que pola súa situación socioeconómica efectivamente necesitan axuda nese ámbito e noutros estamos a colaborar activamente entregar a todos os nenos menores de 16 anos sen distinción algunha tampouco paréceme xusto porque hai familias que necesitan e outras que non necesitan esta axuda que teñen unha situación económica boa e isto non lles supón suplirle dalgunha carencia entón o mellor é destinar os recursos a carencias que efectivamente si que se están padecendo. Eu xa digo que a moción en termos xerais non, porque lle corresponde a outras administracións al estado e a Xunta que é a súa competencia e por outra parte si, as familias necesitadas, as familias en risco pero ben, se aceptas unha recondución da moción hacia os servizos sociais, que efectivamente é unha competencia autonómica, os concellos somos os encargados da execución no ámbito dos servizos sociais entón, ahí efectivamente sen ningún problema cumplimos co que nos corresponde que efectivamente e cubrir a familias desfavorecidas, pero o que lle corresponde a educación responde a xunta e o que lle corresponde a o IVE do 21% lle corresponde ao goberno de Pedro Sánchez e de Pablo Iglesias.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que xa avanzaron no pleno anterior cal é a súa situación, é posible que agora veña diñeiro do estado para os concellos entón, unha cousa é que o diñeiro do estado que lle corresponde ao concello decida nun reparto chegar a un entorno concreto e outra cousa é xa a concreción de que o concello asuma a competencia para salvaguardar a inación de que ten a competencia, neste caso da Xunta de Galicia, de todas maneiras esta moción tal e como está redactada parecenos discriminatoria o PP o que vela é polos nenos/as do Concello de Ares independentemente do colexio no que estuden porque hai nenos/as que estudan noutros colexios que non é o CPI As Mirandas logo entendo eu que a medida é para os nenos/as non para o colexio é dicir, non se trata de que ao colexio vaian con máscaras proporcionadas polo Concello de Ares senón que todos os nenos/as independentemente de onde estuden teñan máscaras ademáis de ser unha medida discriminatoria creo que vulnera o principio de competencias, por parte da Xunta de Galicia estamos vendo que as súas competencias as temos que asumir dende o concello, outra cousa é que o día de mañá o concello dispoña dunha partida que veñen doutras administracións, Deputación da Coruña ou do Estado español e dicida dentro das prioridades do Concello de Ares que dentro das prioridades están os servizos sociais e decida que si que vai a repartir polo tanto nós non vemos unha moción apropiada.





Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que hai unha petición do Centro de Saúde que nos pediron si porfavor lles podemos dar máscaras para eles darlles as persoas de risco, non de risco económicosocial senón de risco patolóxico entón ben de risco patolóxico haberá de todo as que as pode pagar e as que non as poda pagar estamos estudando a costestación, si contestarlle ao centro de saúde as de risco patolóxico aos que non poden tamén se as necesitan e o concello as dará a quen esté en risco social pero darllas para que as repartan de maneira indiscriminada a todas as persoas de risco, volvemos outra vez ao mesmo é dicir, nós estamos para facer servizos sociais, non estamos para facer sanidade, non estamos para mercar medicamentos a todo o mundo as mercamos as persoas que non poden e isto é igual, temos que falar disto porque Castiñeira está esperando para ver si lle damos as máscaras, teríamos sobre 2000 máscaras e que nin sequere teños para facer unha campaña sostible no colexio as comen nunha semana, son 420 alumnos terías para catro días e nos quedaríamos sen elas para os servizos sociais.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no primeiro punto da moción pon “el Ayuntamiento de Ares reparta a todos los niños menores de 16 años del ayuntamiento de Ares que curse en el C.P.I As Mirandas” o único que hai que modificar sería onde di “que curse en el C.P.I. As Mirandas” que diga a todos os nenos/as, debido a que hai algúns que van ao Loyola e efectivamente se teñen que dar. En canto ao centro de saúde, o acabamos de vivir fai dous meses, o concello como administración tivo que facer fronte a esto e gastou unha cantidade de cartos e nós non dixemos nada porque non chegaban os medios do Goberno Central, nin da Xunta de Galicia e o concello repartiu material e ademais a xente do pobo se puxo a facer máscaras entón eu creo que isto que sabemos que vai a vir de Europa que os organismos van a destinar cartos a isto, que despois imos a ter que facer fronte a unha cantidade de cartos agora uns meses pero sabemos que eses cartos nolo van a devolver e por protección dos nosos nenos/as eu creo que esto hai que lévalo a cabo en cordinación co colexio e saber que o colexio está recibindo material da Xunta de Galicia agora mesmo pero que o concello esté salvagardando este tema que son os fillos e netos dos veciños/as, a situación é esa, non é que o concello vai a facerse cargo de todo o gasto de máscaras e material de prevención, non, pero o concello ten que colaborar co colexio.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que o voceiro do BNG suxeriu que suprimises “alumnos de CPI As Mirandas” e nós suxerimosche que fagas constar “alumnos que estén en risco” e aprobese por unanimidade.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o que temos que evitar é que uns as leven e outros non.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que por iso as repartimos aos nenos que non podan pagalas.





Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que si hai un consello escolar como dixo antes a concelleira, pódese preguntar e falar deste tema e si o consello di que demos un paso ao fronte pois damos un paso ao fonte, pero non levar o peso, nós non queremos levar o peso porque sabemos que son outras administracións as que ten que levalo pero nós temos que prevenir non vaíamos a ter problemas por dez ou doce mil euros porque estes cartos van a devolvelos.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que por esa regra de tres se todos os concello non teñen problema en pagar dez ou doce mil euros pois xa nos facenis nós aumimos a reponsabilidade da concellería de sanidade.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non está a falar diso, o que quero dicir é que nos temos que adiantar por axilizar sabemos que nolo van a dar, a Xunta nolo vai dar, a Deputación tamén e vai vir cartos de Europa porque ten que entrar para o concello.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que se están a pagar alquileres, nunca tanto alquileres pagamos, nunca tantos recibos de luz e auga pagamos é dicir, se coñeces a situación das familias que se están a atender, eses doce mil euros das máscaras para familias que poden pagalas son [inintelixible] porque lles pagamos un ano máis entón dicir criterios propios do ámbito local servizos sociais lles damos máscaras aos menores que as necesiten a quen non as necesiten non son servizos sociais é sangrar, e igual que lle pagamos os medicamentos a quen non os pode pagar pois isto vai no lote porque é un produto sanitario entón as damos a quen as necesita, a que non as necesita non porque o gasto de servizos sociais disparouse é dicir, alquileres, luz, auga, libros, roupa e gracias a Deus contamos con Cáritas e nos entendemos moi ben, os alimentos da cruz vermella chegan e se agotan, temos que dar vales para mercar nas tendas.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que na Xunta de Galicia as elección debido ao COVID foron aplazadas ata xuño pois agora as inversión previstas van todas para sanidade e educación, non hai nada para obras porque o temos enriba, esto vai para largo a día de hoxe non saben.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai unha reserva de emerxencia dunhas dous mil máscaras non homologadas, son as reservas que quedaron das que se fixeron na casa pero ten un gramaxe de máis de 100 gramos é dicir, asfixiarte con elas e nun momento de apuro votamos man delas, hoxe a xente non entedería que lle deras unha non homologada cas farmacias cheas de máscaras homologadas, esas non as podemos repartir entre os nenos/as, teríamos que darlle das homologadas e chegarían para catro días e nos quedaríamos sen elas.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que cree que se pode chegar a un acordo, que se faga un protocolo co colexio e que se lle





que van a recibir axudas e que nós estamos ahí para apoialos, a dirección e os mestres saben a situación real entón que se faga un protocolo entre o concello e o colexio para axudarlles con todo isto.

Intervén o Sr.Alcalde sinalando que esta é unha situación crítica e xa non se compran máscaras porque xa hai máscaras homologadas, veñen familias con nenos que non poden gastar cincuenta euros a semana en máscaras e xa digo que nós estamos a dar esa asistencia pero si o colexio detecta unha situación que nós non detectamos crearemos esa vía de comunicación entre educación e os servizos sociais e por suposto esa colaboración co colexio co que se entende que a moción queda cos termos que di o voceiro do BNG e nos termos que suxero eu pois efectivamente podemola aprobar.

Sometida a votación a aprobación da moción presentada polo grupo PP” **Suministro material ao C.P.I. (máscaras, gel, fundas etc...)”** o concello pleno por unanimidade, 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación coas seguintes emendas:

1. Onde di “alumnos de CPI As Mirandas” debe dicir “a todos os nenos/as do municipio”
2. Facer constar que o subministro de material irá dirixido aos nenos/as cuxas familias esten en situación risco económicosocial.

C) Moción do P.P.: Axuste contable recadación IVE.

Dáse conta da moción presentada polo P.P. “Axuste contable recadación IVE” de data 10 de outubro de 2020, que a continuación se transcribe;

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Jose Manuel Cendan Fernandez en calidad de Portavoz del Grupo Municipal de Ares y, contando con el respaldo del citado grupo, desea someter a la consideración del Pleno, para su debate y aprobación, si procede, la moción relativa a **INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA, MINISTERIO DE HACIENDA, AJUSTAR LA NORMATIVA CONTABLE PARA CONTABILIZAR EL AÑO COMPLETO Y NO SOBRE 11 MESES LA RECAUDACIÓN DEL IVA.**

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Recientemente se publico un informe de recaudación anual correspondiente al año 2017 por parte de la Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) en la que se detecto que la recaudación del IVA en 2017 no se ajusta a las previsiones presupuestarias que dieron lugar a las entregas a cuenta recibidas por las entidades locales.

Esto se debe a la puesta en funcionamiento del Sistema de Información Inmediata (Sii) del IVA. Este informe de la Agencia Tributaria hace constar que el nuevo Sii del





IVA desp laza ingresos al ejercicio 2018, lo que significa que en ese año 2017 de puesta en marcha del Sli solo se consideraron meses de recaudación del IVA.

Como consecuencia de esta medida el ITE por el cual se cuantifica la participación de los ingresos de las entidades locales se ve afectado notablemente, de tal manera que de ser una liquidación del PIE substancialmente positiva con el sistema anterior, se convirtió con efecto del Sli en resultados negativos para el conjunto de los Ayuntamiento, con la obligación de tener que reintegrar cuantiosas cifras al Estado.

El actual grupo de gobierno de Ares es conocedor de estos hechos ya que desde el grupo de trabajo creado por la FEMP, del que forma parte la FEGAMP, traslado estos hechos el pasado 19 de Julio en el marco de la Comisión Nacional de Administración Local.

PROPUESTA DE ACUERDO:

Reclamar al Gobierno de España que ajuste la normativa contable para contabilizar sobre el año completo y no sobre 11 meses lo que supone según la estimación realizado por la FEMP en el Ayuntamiento de Ares una diferencia de 50.727,53€.

En Ares a 10 de octubre de 2020

Fdo. José Manuel Cendan Fernández

Sendo as 11:39h ausentase o Sr. Alcalde pasando a presidir a sesión Dna. Alma Barrón Ferro.

Intervén a Sra. Barrón Ferro sinalando que aprobase a moción por unanimidade cas indicacións tanto do BNG como do PSdeG-PSOE.

A Sra. Barrón Ferro dálle a palabra ao voceiro do PP para expoñer a moción presentada.

Intervén o Sr. José Manuel Cendan Fernández sinalando que isto xa foi falado na comisión, o goberno nos fixo a aplicación do IVE aos concellos once meses, nós valoramos que serían uns 50000€ estamos falando do ano 2017 que son 50000€ e creo que non é xusto que non devolvan os cartos que os cidadáns de Ares pagamos. Hai un acordo da FEMP, fíxose unha valoración do concello e son 50000€ que teñen que chegar aos veciños de Ares e eu creo que hai que esixir ao goberno de España que contabilice o ano completo, os concellos estamos a lú de Valencia economicamente estes cartos son do noso concello, dos nosos veciños que o pagaron por iso esta moción reclama ao goberno que nos pague o IVE. [inintelixible]





A Sra. Alma Barrón Ferro dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías solicitando unha aclaración do interventor para saber si os datos dos que dispón o concello de Ares son os que están na moción e si realmente hai outra medida para salvar ese mes que falta.

Responde o Secretario-Interventor sinalando que non o sabe tería que miralo, pero si a moción pon que está calculado pois será así, eu agora mesmo non o sei pero si está recollido 11 meses serán 11 meses.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández segundo a estimación realizada pola FEMP no Concello de Ares hai unha diferenza de 50.727,53€.

Intervén a Sra. Barrón Ferro sinalando que de todas formas o está reclamando a FEMP-FEGAMP, eu o que propondría e que como o Secretario-Interventor non sabe se a cantidade é esa é deixala enriba da mesa ata o próximo pleno para comprobar ese dato, de todas formas se a FEMP-FEGAMP o está a reclamar.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández manifestando que lle parece raro que estes datos non chegaran ao concello porque ven da FEGAMP e da FEMP.

Responde a Sra. Barrón Ferro sinalando que o Sr. Secretario-Interventor non di que non a ten, di que non sabe se a cantidade é a correcta e nos non imos comprobar cantidades de mocións.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que isto non foi feito por un partido político, foi feito pola FEMP e pola FEGAMP, son datos exactos.

Responde a Sra. Barrón Ferro dicindo que non o poden comprobar agora mesmo, aprobalo hoxe ou o mes que ven non existe diferenza, non van a facer os orzamentos agora.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a proposta é sinxela "Reclamar ao Goberno de España que axuste a normativa contable para contabilizar sobre o ano completo e non sobre 11 meses o que supón segundo a estimación realizada pola FEMP no Concello de Ares unha diferenza de 50.727,53€.

Responde a Sra. Barrón Ferro dicindo que o petitum ten unha cantidade concreta, ningún dos que estamos aquí podemos votar a favor porque no sabemos si esa cantidade é real ou non e real, ou lle quitas esa cantidade ou o deixamos para o pleno do mes que ven.

A Sra. Barrón Ferro dálle a palabra ao voceiro de NAL.





Intervén a Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que ten que ir ca cantidade que lle corresponda.

Toma a palabra a Sra. Barrón Ferro sinalando elimine a cantidade ou esperamos ao pleno do mes que ven.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si que a elimina, pensei que non ía a supoñer ningún problema se non é exacta a cantidade que digo eu pois a que lle corresponda, pero é a cantidade exacta.

Intervén a Sra. Barrón Ferro propoñendo eliminar a cantidade, e efectivamente reclamar ao Goberno de España que nolo abonen por ese concepto.

A Sra. Barrón Ferro pregunta ao voceiro do PP si acepta.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si.

Intervén novamente a Sra. Barrón Ferro sinalando que sometemos a moción a votación con esa emenda transaccional, eliminación da cantidade.

Sometida a votación a aprobación da moción presentada polo grupo PP” **Axuste contable recadación IVE**” o concello pleno por unanimidade, 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

A Sra. Barrón Ferro pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que o seu grupo ten unha.

A Sra. Barrón Ferro sinalando que a moción fai referencia a a reactivación da asistencia sanitaria en atención primaria e demais, o primeiro que temos que facer e votar a urxencia antes de expoñer a moción, eu creo que a urxencia está totalmente xustificada neste centro de saúde o estamos a padecer, temos o pediatra e o resto da atención é practicamente telefónica efectivamente a urxencia pola nosa parte está totalmente xustificada, imos a proceder a votar a urxencia salvo que alguén queira alegar algo sobre a urxencia.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo grupo BNG “Reactivación da asistencia sanitaria” o concello pleno por unanimidade, 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Moción sobre a reactivación da asistencia sanitaria

O GM do Bloque Nacionalista Galega no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellor proceda, presenta a seguinte petición;





Exposición de motivos:

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario cante con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

No caso concreto de Ares, temos unha situación esperpéntica, cun novo Centro de Saúde de apenas un par de anos, coa menor atención dos últimos vinte.

O cadro de persoal está recortado e non se cubre as necesidades de pediatría.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centraran preferentemente na consulta telefónica, isto está ocasionando moitas dificultadas tanto xs profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria como no acceso da poboación á mesma.

Á situación de sobrecarga de traballo que padecían xs profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática : teléfonos colapsados, o persoal administrativo, xs celadorxs ao límite, soportando unha presión tremenda, é imposible xestionar tanta chamada como a que se produce.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non





fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

É preciso desconfiar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade,

É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías

Instamos á Xunta a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

En Ares, a 15 de Outubro de 2020.





Asdo.: Emilio Mesías Farías

(Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares)

A Sra. Barrón Ferro dálle palabra ao voceiro do BNG para expoñer o petitum.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que a moción trata sobre a reactivación da asistencia sanitaria, e curioso que cando máis se necesita a asistencia sanitaria maiores son os recortes que se lle aplican e en Ares pódese comprobar ou sexa, as consultas telefónicas, a carencia de persoal etc.. temos un centro de saúde máis grande co anterior pero con menos servizos co anterior, neste sentido nos atopamos con un problema de saúde que está a afectar a sociedade e consideramos que hai que reactivar a asistencia sanitaria, non recortar a asistencia sanitaria é por iso que o noso petitum vai a instar a Xunta de Galiza a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogas clínicas, terapeutas ocupacionais, logopedias, podólogos...

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

A Sra. Barrón Ferro dálle a palabra ao voceiro do PP.





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non están de acordo con algunhas das manifestación recollidas nesta moción, nos temos datos suficientes para saber que a Xunta de Galiza está a destinar grandes cantidades de diñeiro a asistencia sanitaria pero ata agora non sabemos ata onde pode chegar. En canto o primeiro punto, “realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria” aquí coincidimos, eu creo que no 99% dos casos ten que ser presencial porque hai unha diferenza entres os médicos de atención primaria e os dos hospitais que teñen que atender presencialmente e aínda encima os de atención primaria non o fan, é lamentable, inxusto e insolidario cos compañeiros porque como sabemos todos a hora de entrada é as 08:30h ás veces as 09:00h, vanse as 14:00 ou 14:30h e tampouco cumpren o horario entón é inxusto e insolidario que por parte dos profesionais de primaria fagan esta presión sobre os cidadáns, haberá cousas que podan facer por teléfono sen ver o paciente e outras non, a cidadanía debería facer algo porque eles non son menos que os que traballan nos hospitais de facer a atención presencial, do resto estamos de acordo ao 100%, non temos coñecemento de todo isto é por iso que ímonos a abster.

Sendo ás 12:53h o Sr. Alcalde incorporase ao pleno.

Rematada a intervención do voceiro do PP, o Sr. Alcalde somete a moción a votación.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo BNG “**Reactivación da asistencia sanitaria**” o concello pleno por 10 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 BNG) e 3 abstencións (3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 11.- Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que chegou o outono e efectivamente con el a humidade as chuvias o frío e xa coñecemos cal é o estado dalgunhas zoas, no entorno do parque Rosalía de Castro polo tipo de chan que é provoca que a xente deslice, o que nos pedimos e que sinalice ou que se tomen algunhas medidas para previr posibles accidentes porque xa empeza a patinar.

Outra cuestión é sobre un encontro que vaise a levar a cabo o vindeiro mércores ás 12:00h da mañá, unha concentración en defensa da sanidade pública fronte os centros de saúde o BNG por suposto vai a ir e tamén convidamos ao resto da veciñanza a que vaia.

Unha última cuestión sobre a petición dos veciños/as de Maiobre que xa o comentei antes de poder conectarse ao abastecemento que saneamento xa teñen, pedimos novamente que o Concello de Ares se poña a traballar para conseguir a banda longa de internet na parroquia de Cervás, o pedimos para Cervás porque Chanteiro xa sabemos que ten, a contestación que se nos dou de aquela é que era unha cuestión de operadores, pero sabemos que noutros concellos e o propio concello, o propio goberno que convoca aos operadores cunha finalidade





clara, que é facer chegar a banda longa a toda a poboación, sabemos que noutros concellos xa se conseguiu e sabemos que hai empresas que agora dedícanse precisamente mediante os convenios e as axudas de que dispón a UE dispóñense a facer esta achega a diversos concellos polo tanto, que se valore polo goberno si convocar aos operadores ou convocar a esas empresas que se adhiran a solucionar o tema da banda longa por internet sobre todo porque unha vez que este aprobada a lei sobre o teletraballo hai casa en Cervás onde hai xente que se está a beneficiar de esa maneira de traballar, é pop riso que nós volvemos a reincidir outra vez e que sexa o goberno o que tome o protagonismo e que faga chegar a banda longa a Cervás.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a súa primeira pregunta é sobre a resolución 316/20 sobre a paralización da construción dunha bodega que está vinculada a un expediente administrativo, a pregunta é cal é razón da paralización.

En relación a resolución 359/20 abono facturas emitidas por Gas Natural Fenosa a favor de Titín e Hijos S.L. referente a casa da xuventude rogar que por parte dos servizos municipais se resolva este problema facendo o cambio de titularidade correspondente do contador a nome do concello porque xa levan moitos anos tendo que adiantar os cartos, eu creo que isto terase que solucionar.

En relación a resolución 365/20 pago de facturas por importe de 565,31€ e 1230,12€ a nome de Dna. Margarita Blanco Conejero, o abono de estas facturas a que fai referencia.

Responde a Concelleira de Cultura a Sra. Barrón Ferro dicindo que son facturas pola compra de libros.

Na resolución 372/20 tamén fai relación ao pago dunha factura a nome de CHARLATANA S. COOP. GALEGA.

Responde a Concelleira de Cultura a Sra. Barrón Ferro sinalando que é o abono da factura do concerto de Peter Pan.

Por último quería facer un rogo sobre Alianzas Aresáns, como sabes Sr. Alcalde nós vimos demandando que se pinten as Alianzas Aresáns fai moitos anos, eu diso entendo un pouco polo tanto pídoche que pares a obra porque si fora de ladrillo ben no habería problema pero é un edificio que está feito de pedra, ten salitre e precisamente danouse un pouco a fachada por culpa da salitre, as pedras non se podían quitar porque había que respectar o edificio, non é momento de pintar a fachada o que vai a pasar e que cando pasen seis ou oito meses ímonos a atopar novamente co edificio en malas condicións, eu creo que a empresa non ten moito traballo pero agora non é o momento polo tempo de estar facendo esa obra, ca que caeu esta noite un edificio de pedra que absorbe a humidade e filtra o salitre non é o momento, que





esperen a que mellore o tempo senón ímonos a gastar os cartos para que a corto prazo este outra vez en mal estado.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo aos rogos e preguntas formuladas polos voceiros.

En canto aos resbalóns do Parque Rosalía eran na madeira, xa se levantou e xa se corrixiu púxose outro material que non é susceptible aos patinazos, non se me ocorre outro sitio onde haxa resbalóns.

Responde o Sr. Mesías Farías sinalando que a zoa é entre o parque de nenos e o parque en si, na pedra.

Intervén a Sra. Marcos García sinalando que a pedra limpouse o ano pasado.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que en canto a concentración do mércores as 12:00h a favor da sanidade pública os veciños será informados, nese ámbito non hai ningún problema.

En canto a petición de augo de Maiobre o imos a estudar, en canto a banda longa xa se fixeron peticións e enviamos escritos e aínda non contestaron.

En relación a resolución 316/20 imaxino que cometeu un infracción urbanística por non ter licenza.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que é un contencioso a resolución da paralización.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que é unha paralización de algo que se fixo sen licenza.

Toma a palabra o Sr. Cendán Fernández dicindo que podía ser que tivera licenza pero que non se adaptara a ela.

Responde a Sra. Marcos Garcia sinalando que non ten licenza e esta feito en solo rústico.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que non ten licenza e está feito en solo rústico como ben di a Concelleira de Urbanismo.

En canto a resolución 359/20 a luz da casa da xuventude non sei quen ten que solucionar isto.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que depende do CT (centro de transformación), nestes momentos estase a acometer a obra.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que a obra do CT é moi complexa, levamos oito anos co tema.

En canto as resolucións 372/20 e 365/20 abono facturas de cultura xa foron contestadas polo Concelleira de Cultura.

Por último o rogo, en canto a paralización da obra de acondicionamento (pintura) da Alianza Aresán é unha obra que se fai a través dunha subvención e ten que estar executada antes do





15 de novembro entón ben, son destas subvencións que tes que xustificalas como data máximo o 15 de novembro, a subvención a concederon en setembro para xustificala a finais de setembro licitouse e están agora traballando porque ten que estar finalizada o 15 de novembro ou sexa mira en que situación estamos, non podemos paralizala porque senón a perdemos.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández proponendo consultar a Consellería a posibilidade de solicitar unha prorroga, explicar cal é a situación e xustificar que non se pode facer unha obra destas característica debido ao tempo.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que a consulta será feita e si o aceptan pois paralizamos.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dúas horas e catorce minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

